



PLAN DE CONVIVENCIA

CURSO 2017/18

CEIP PLURILINGÜE
"MARÍA BARBEITO E CERVIÑO"



INDICE

- 1.- SENSIBILIZACIÓN.
- 2.- DEFINICIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.
- 3.- LEXISLACIÓN.
- 4.- ANÁLISE OU DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO:
 - 4.1.- CARÁCTERÍSTICAS DO CENTRO.
 - 4.2.- CARÁCTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.
 - 4.3.- SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO, RESULTADO DAS ENQUISAS.
 - 4.4.- RELACIÓN COAS FAMILIAS.
- 5.- CONCRECIÓN DO PLAN:
 - 5.1.- OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN.
 - 5.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.
 - 5.3.- ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS.
 - 5.3.1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación
 - 5.3.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos
 - 5.3.3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia
 - 5.3.4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar.
- 6.- ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.
 - 6.1.- NORMAS DE CONVIVENCIA.
 - 6.2.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN.
 - 6.3.- INTERVENCIÓN A TRAVÉS DE PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS.
 - 6.3.1. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
 - 6.3.2. Programa de habilidades sociais.
 - 6.3.3. Actuacións anuais do Plan de Convivencia.

6.4.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

7.- SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.

8.- DIFUSIÓN DO PLAN.

ANEXOS.

1.-SENSIBILIZACIÓN

A convivencia é un ámbito esencial e fundamental no funcionamento dun centro e require o compromiso e implicación de toda a comunidade educativa. Os centros escolares, como enclaves que son de vida e crecemento persoal, constitúen unha fonte natural de conflitos. Dada a carencia de recursos con que contamos os centros para facer fronte ao conflito en todas as súas manifestacións, o Plan de Convivencia é un instrumento que permite concienciar e sensibilizar a todos os sectores da comunidade educativa na tarefa de adquirir as ferramentas necesarias que nos axuden a convivir desde o respecto, desde a diversidade e desde as diferenzas individuais. Non queremos limitar a convivencia a elementos organizativos, senón tamén desenvolver contidos que contribúan a formación do alumnado.

A mellora da convivencia no noso centro pasa pola aprendizaxe na resolución pacífica dos conflitos, sobre todo, por parte do alumnado, realidade que o Plan de Convivencia aborda a través de múltiples medios que conlevan a implicación e o compromiso do profesorado, alumnado, persoal de administración e servizos e das familias. Por ese motivo propóñense actuacións expresamente dirixidas cara a estes colectivos, en particular, de formación para os primeiros e de orientación para o alumnado e as súas familias, convencidos de que a súa participación e colaboración resulta imprescindible para encontrar solución aos conflitos.

A comunidade educativa do CEIP Plurilingüe “María Barbeito e Cerviño” desde o seu primeiro ano de funcionamento veu organizándose e dotándose dunha estrutura, ordenación e plans de actuación concretos que lle permitise dar resposta ás súas necesidades e a buscar curso a curso unha mellora continuada da súa convivencia e rendemento académico.

2.- DEFINICIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia é un documento que serve para concretar a organización e o funcionamento do centro en relación coa convivencia e, e no que se establecen as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar, os obxectivos específicos a acadar, as normas que o regularán e as actuacións a realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos plantexados.

3.- LEXISLACIÓN.

Este proxecto ten como referencia as seguintes bases legais:

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.(LODE).
- RealDecreto732/1995, do 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.(BOE,02/06/95)
- Decreto374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 25/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- LeiOrgánica2/2006, do 3 de maio,de educación(LOE).
- Decreto85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- Decreto130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucións do 17 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativas obrea constitución do observatorio da convivencia nos centros educativos e para a elaboración do plan de convivencia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño. Lei de Convivencia e participación da comunidade educativa.
- LOMCE 8/2013, de 9 de decembro.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Na elaboración deste PLAN DE CONVIVENCIA tivéronse en conta as publicacións elaboradas pola Consellería de Educación Ordenación Universitaria seguintes:

- Plan integral da mellora da convivencia escolar en Galicia.
- Plan de convivencia do centro.
- NOF aprobadas no centro.
- Orientacións para a elaboración do Plan de Convivencia do centro.

- Protocolos publicados en Educonvives.gal.

4.- ANÁLISE OU DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO.

4.1 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

É un centro de Educación Infantil e Primaria. Foi creado no ano 1977 e atópase na rúa Alcalde Salorio Suárez nº 28 da cidade de A Coruña. O colexio está repartido en tres edificios:

A.-Administrativo: onde se atopan todos os servizos de conserxería , biblioteca, sala de profesores, salón de actos polivalente (comedor), una pequena dependencia auxiliar ao comedor e 3 aulas de infantil de 3 anos.

B.-Edificio central: con 3 andares e 26 aulas adicadas a Educación Primaria.

C.-Edificio de Educación Infantil: alonxado un pouco dos anteriores e no que se atopan as aulas de infantil de 4 e 5 anos.

O centro según o catálogo de postos é o seguinte:

_ Número de unidades: Educación Infantil = 9, Educación Primaria = 18. Total 27 unidades. A ratio de alumnos é de 23 – 26 por aula.

_ Profesorado:

o E. Infantil = 12

o E.Primaria= 17

o F.Inglesa = 3

o F.Francesa = 1

o E.Musical = 2

o E. Física = 3

o P. Terapéutica = 2

o A. Linguaxe = 1

o D. Orientación = 1

. Hai que engadir as dúas profesoras de relixión, e dúas prazas habilitadas fóra de catálogo (PT e AL) e un apoio a Educación Primaria. En total o número de mestres é 47. No centro predomina o profesorado definitivo.

4.2 CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

O centro está emprazado nun gran barrio moderno en vías de expansión, entre a zona industrial da cidade (A Grela) e a zona comercial (Rúa Barcelona, Os Rosais).

Unha parte significativa das familias pertencen á clase media, predominando os matrimonios xoves onde traballan ambos, quedando os fillos ao coidado, a tempo parcial, dos avós ou doutros familiares. Nos últimos anos, derivado da situación económica xeral, constatamos unha importante perda de postos de traballo nas familias. A situación económica actual está facendo que nos atopemos últimamente con moitos casos que bordean o nivel da pobreza.

A presenza na zona dunha importante oferta de vivendas de aluguer a prezos “asequibles” en comparación con outras zonas da cidade fai que nos últimos anos se incorporen ao centro unha gran cantidade de alumnado de procedencia estranxeira en constante aumento, co problema idiomático, de diferenza cultural e desfase curricular que en moitos casos isto supón. Unha parte importante destas familias vense na necesidade de continuos cambios de domicilio e de centro escolar o que dificulta moitísimo a integración social dos nenos.

Asimesmo, os horarios de traballo das familias moitas veces fan difícil a conciliación da vida familiar e laboral. Isto supón tamén a imposibilidade dunha axeitada supervisión dos nenos polas tardes por parte dos seus pais.

Contamos tamén cunha importante porcentaxe de familias desestructuradas nas que en moitos casos a falta de entendemento entre ambos proxenitores afecta ao desenvolvemento dos nenos.

4.3 SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO, RESULTADO DAS ENQUISAS

Aplicadas as enquisas que figuran como anexos entre a comunidade educativa podemos concluir que a convivencia no noso centro é calificada como boa, agás pequenos problemas que poidan xurdir, sobre todo, no tempo de lecer.

Consultados os profesores indicamos a continuación as incidencias e actuacións máis frecuentes en cada un dos ciclos.

- EDUCACIÓN INFANTIL

Os conflitos máis habituais na aula débense a que os alumnos aínda non saben respectar quendas nin espazos: todos queren falar de primeiros; o mesmo ocorre co lugar que ocupan ou con obxectos que posúen; cando non o consiguen ás veces aparece o conflito que se soluciona coa figura do adulto.

Nestes casos son os mestres os que median, escoitando a versión de ambos, explicándolles a situación, recordándolles as normas de clase... Se a situación o require o alumno irá ao recuncho do pensamento, onde hai una cadeira na que se lle invita a pensar no que fixo, as posibles solucións entre as q debe de estar pedir perdón

Hai outro tipo de conflitos que obedecen ao comportamento individual con algún tipo de agresividade; cando é así, tratamos de solucionalo na clase, comunicarllo a súa familia para traballar en equipo e, se é necesario, pídesse axuda ao DO.

- PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Máis que de conflitos, podemos falar de situacións que xeneran entre os alumnos discrepancias de opinión e que derivan, en ocasións, en reaccións que se deben evitar como:

- Pelexas pola organización na fila.
- Empurróns.
- Patadas.
- Insultos.
- Palabrotas.
- Desputas polo material.
- Non deixar xogar ao compañeiros

Nestes casos tratamos de mellorar o clima de convivencia xeral da aula a través do diálogo. Dada a idade do alumnado, hai que dar importancia á comunicación aberta, á expresión e dominio de emocións relacionadas, todas elas, coa frase "Imos facer as paces".

Desde os primeiros anos de vida, nos nenos desenvólvense dous sentimentos importantes AUTOESTIMA e COMPETENCIA. Os nenos deben sentirse capaces de resolver algunhas situacións por eles mesmos, xa que axuda moito que eles se sintan valiosos e competentes. O

nenos debe saberse querido e respectado, por iso o deber do mestre será actuar como mediador para que os rapaces solucionen os conflitos.

Podemos resumir como axudar aos nenos a solucionar un conflito en cinco pasos:

1. Saber o que ocorreu.
2. Formular o problema.
3. Axudar a atopar solución.
4. Pensar nas consecuencias.
5. Tomar decisións, posibles solucións.

- SEGUNDO E TERCEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

É aquí cando se producen máis situacións conflictivas. Poden dividirse estes problemas de convivencia nos seguintes bloques:

1. Rexeitamento da aprendizaxe:
 - Non asistir ao Centro regularmente.
 - Non ser puntual.
 - Non realizar as tarefas de forma habitual ou non rematar os traballos no tempo establecido.
 - Non participar activamente no desenvolvemento da clase.
 - Non utilizar a Axenda Escolar axeitadamente.
 - Non atender as explicacións ou distraerse.
 - Incumprir as medidas correctoras adoptadas.
2. Trato inadecuado:
 - Desconsideración verbal ou xestual aos compañeiros e profesores.
 - Non manter a clase limpa e ordenada.
 - Non coidar o material propio, dos compañeiros, do Centro ou das instalacións.
 - Alborotar nos corredores ou nos cambios de clase.

- Utilizar palabrotas.
- Non sentarse correctamente.

3 Condutas disruptivas.

- Desobedecer ao mestre.
- Interrumpir a clase falando cos compañeiros, mirando cara atrás... mentras o mestre explica.
- Incordiar e non deixar traballar aos compañeiros.
- Levantarse do sitio sen permiso.
- Non respectar a quenda de palabra ou non levantar a man para intervir.

4. Condutas agresivas.

- Ameazar, por a zancadilla, empurrar...
- Tratar mal as instalacións ou o mobiliario.
- Resolver violentamente os conflitos: pegarse, pedir a outros que peguen a un compañeiro...

Aínda que estas situacións no noso Centro concorren de maneira illada, os casos esporádicos son fundamentalmente debidos as seguintes causas:

- No alumnado podemos atopar falta de motivación e responsabilidade, dificultades de aprendizaxe, falta de disciplina e pouca reflexión, falta de ferramentas para resolver os conflitos adecuadamente, non recoñecer a autoridade do adulto. No caso de alumnado de nova incorporación pode ser por descoñecemento das normas e dos hábitos do Centro.
- Nalgunhas familias atopamos falta de colaboración ou implicación nos aspectos escolares (non revisar se traen o material á clase, se traballan na casa, se levan deberes ou "avisos" dos mestres na axenda...) e incluso, ás veces, excesiva delegación da educación dos seus fillos no Colexio ou, pola contra, desautorización do mestre e xustificación da conduta do alumno.

A resposta educativa do Centro é a de promover a actitude de participación dos distintos sectores da Comunidade Educativa a través dos cauces de diálogo, respecto e comunicación

para solucionar os conflitos. O Centro dá resposta a esta problemática desde diferentes ángulos que conlevan distintas accións:

- A dedicación dos cargos unipersoais do centro a detección, análise e tratamento destas situacións.
- O acompañamento de titores/as e profesores/as ao alumnado..
- O traballo do Departamento de Orientación.
- A aplicación das Normas de Convivencia do Centro.
- As entrevistas frecuentes coas familias do alumnado.
- A coordinación cos órganos pertinentes da Consellería de Educación.

Así mesmo mantense unha coordinación constante cos servizos externos que teñen relación co proceso educativo do alumnado, tales como: o Servizo Municipal de Educación, Servizos Sociais, Equipos de Orientación Específicos, IES Agra do Orzán ao que está adscrito o centro.

4.4 RELACIÓN COAS FAMILIAS.

Os pais e as nais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos e deben participar e intervir no proceso educativo. O Centro ofrécelles información e asesoramento. A relación que mantén o Centro coas familias do alumnado é boa e fluída e artéllase a través de :

- Reunións xerais das familias dun curso, nos que reciben información sobre o funcionamento do Centro, normas, programacións educativas, actividades extraescolares...
- Entrevistas persoais cos titores ou titoras. Nas que poden recibir ou intercambiar opinións e suxerencias acerca dos procesos educativos do Centro ou para poder recibir información e recomendacións sobre a evolución tanto do proceso cognitivo como evolutivo do seu fillo/a.
- Entrevistas co Departamento de Orientación, para promover e guiar a intervención educativa, a eliminación de condicionantes negativos do ambiente familiar e o seguimento daqueles pais que o precisen para a aplicación dos programas puntuais que se leven a cabo.
- Colaboración da ANPA co Equipo Directivo.

- Os servizos do Centro en, conserxería, administración e outras dependencias do Centro.

Calquera problema significativo que teña que ver coa conducta dun alumno/a, os pais teñen inmediato coñecemento, ben por escrito, por teléfono ou a través dunha entrevista.

A resposta das familias a este respecto é, polo xeral, pronta, receptiva e de colaboración.

Puntualmente e de xeito excepcional pero significativo para a repercusión da convivencia no centro incrementáronse nos últimos anos situacións de grande tensión chegando á agresividade (física, verbal, en redes sociais...) por parte dalgún pai/nai cara a profesionais, familias e/ou alumnado deste centro. Nalgunha delas foi necesario intervención policial e/ou xudicial.

5.- CONCRECIÓN DO PLAN.

5.1 OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN.

- a) Elaboración dun diagnóstico preciso da realidade escolar no terreo da convivencia e plantexamento de propostas de actuación.
- b) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- c) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade dedereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- d) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- e) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.
- f) A corresponsabilidade das nais ou dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos.

- g) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- h) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

5.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

ACTITUDES que favorecerán o Plan:

1. Asunción por parte de todos os membros da Comunidade Educativa de que a convivencia é tarefa de todos.
2. Respecto e cumprimento das Normas de Convivencia do Centro, e coidado no uso das dependencias e materiais.
3. Toma de conciencia de que somos suxeitos de dereitos e deberes, e de que existen límites que hai que respectar.
4. Recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersoais e grupais e valoración da colaboración e do diálogo como instrumentos de resolución dos mesmos.

5.3 ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS

5.3.1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación:

As medidas organizativas xerais favorecedoras dunha convivencia de calidade cada curso atópanse moitas delas desenvolvidas na Programación Xeral Anual, Plan de Orientación, Axenda Escolar e nas NOF.

- Regulamentación de entradas e saídas.
- A vixiancia nos periodos de lecer.
- A distribución de zonas de xogo nos periodos de lecer.
- A participación en programas varios como PROA, Plan Director...
- Organización de actividades complementarias e extraescolares.
- Calendario de reunións xerais por niveis (nova incorporación do alumnado de 3 anos, xornada de portas abertas, reunións coas familias individuais e colectivas...)
- Comunicacóns continuas por medio da axenda escolar e circulares informativas en papel e por medios dixitais.
- Colaboración con entidades externas (Servizos Sociais, Centros de Saúde, Concello..)
- Plan de merendas saudabeis.
- Acollida individualizada de alumnado novo de incorporación tardía.
- Reunións dos órganos colexiados, CCP, Ciclos, Niveis, Equipos, incluíndo reunións extra de coordinación para o paso dunha etapa educativa a outra (paso Infantil-Primaria e Primaria-Secundaria).

Estas actuacións complementáanse coas medidas propias de cada aula contempladas dentro do Plan de Acción Titorial, nas respectivas programacións de aula e analizadas nas xuntas de avaliación.

A acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo e por extensión á vida do colectivo total do alumnado. A capacidade do/a titor/a para canalizar e resolver os problemas relacionais, así como para crear un clima afectivo e integrador na aula no que teñan cabida todos e cada un dos/as

alumnos/as do grupo, representa o factor máis influente na configuración das relacións persoais

5.3.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.

"Se a escola, o fogar e a parte da sociedade en que vive a familia do educando marchan ao unísono, coinciden nos seus traballos, a acción do educador multiplicarase indefinidamente" María Barbeito. Conferencia "Mellor ambiente educativo e condicións que deben integralo"

De acordo con esta cita da mestra, directora, inspectora e pedagoga coruñesa que da nome ao noso centro, consideramos que o proceso educativo susténtase nunha necesaria colaboración entre escola e familia. Consideramos as seguintes propostas de cara ás familias:

- Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercicio da autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- Cooperación co centro en casos de indisciplina, agresividade, etc.
- Colaboración co centro no proceso de ensino-aprendizaxe e de integración escolar.
- Non desautorizar ao profesorado.
- Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto e tolerancia cara aos demais.
- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro e a controlarse emocionalmente.
- Impedir que os/as fillos/as accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as.
- Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino e de formación.

Concreción das actuacións que faciliten a participación da comunidade educativa:

✓ Reunións coas familias:

Ao longo do curso organizaranse diferentes momentos de encontro das familias coa escola:

- Xornada de portas abertas.

- Recepción das familias de 3 anos.
- Recepción das familias de nova incorporación.
- Reunións xerais de inicio de curso
- Reunións xerais puntuais por temas varios.
- Reunións individuais de titoría ou profesorado especialista.
- Reunións propias de cada programa a desenvolver.
- Reunións co equipo directivo e/ou Departamento de Orientación.

Cada unha destas reunións previstas contarán cun guiión previo para garantir que se contemplen os aspectos fundamentais.

- ✓ Emprego da **axenda escolar**, a súa finalidade é dobre:

1.- Dotar ao noso alumnado dunha ferramenta: "a nosa axenda escolar" que lle axude a afrontar os retos pedagóxicos que lle propoña o profesorado dun xeito máis sistemático; e, a súa vez, establecer unha ponte bidireccional comunicativa entre as familias e o profesorado.

2.- Dotar ao profesorado dunha axenda, complementaria coa do alumnado, na que se recollan ferramentas de axuda á súa tarefa como a programación, a evolución do alumnado, a posibilidade dunha autoavaliación...

O resultado é o froito dunha profunda reflexión conxunta sobre as estratexias máis axeitadas para xeralizar o seu correcto uso. Pensamos que isto está a mellorar a calidade da educación e os resultados escolares do alumnado, ademais de contribuir a un esforzo formativo do noso profesorado directamente relacionado coa súa tarefa diaria.

Para o seu correcto desenvolvemento é precisa unha estreita e coordinada colaboración entre a familia e a escola, polo que debe implicar a toda a comunidade educativa na súa revisión e seguimento: ANPA, alumnado, profesorado, familias...

- ✓ Participación no **Plan Director** como ferramenta formativa e preventiva para profesorado, familias e alumnado.
- ✓ A **formación do profesorado** é un dos aspectos fundamentais que poden contribuir ao fomento da convivencia e á prevención de situacións na que esta se vexa afectada negativamente. Intentarase levar a cabo actuacións de formación dirixidas ao desenvolvemento da competencia social e das capacidades afectivas, á

prevención e resolución de conflitos, á non violencia, á igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

O **Departamento de Orientación** pon a disposición do profesorado e familias **asesoramento e materiais diversos**.

Fomentarase a difusión das **páxinas de internet** referidas a este tema para coñecemento de toda a comunidade escolar.

5.3.3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.

- Breve resumo na axenda escolar das principais Normas de Organización e Funcionamento.
- Reunións informativas coas familias.
- Acción titorial.
- Programa de habilidades sociais a disposición do profesorado, que figura como anexo.
- Celebración o 30 de xaneiro do Día da Non Violencia e a Paz.
- Programación dentro das programacións de aula de actividades que contribúan a favorecer a convivencia e o bo trato.
- Cada grupo clase durante os primeiros días do curso adicará, xunto co seu titor ou titora, un tempo ao coñecemento das normas básicas do centro, así como a unha reflexión sobre cales serán as normas desa aula, que deberán ser consensuadas e colocadas nun lugar visible.
- Distribución de actividades lúdicas e espazos nos periodos de lecer.

5.3.4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar.

Campaña de sensibilización contra o acoso escolar:

- Plan Director como ferramenta formativa e preventiva para profesorado, familias e alumnado.
- Actividades dentro das programacións de aula que contribúan a favorecer a prevención de acoso escolar (carteis, murais, xogos de rol...)
- Desenvolvemento de obradoiros de programación informática no entorno "scracht" para a prevención do acoso.

Os canles de comunicación dunha posible situación de acoso escolar poden ser moi variados (titor/a, conversas persoais, denuncias, informes profesionais...) pero sempre deben estar baseados nun clima de confianza mutua favorecedor dunha comunicación fluida entre todos os membros da comunidade educativa.

O protocolo de actuación ante unha posible situación de acoso escolar ven descrito nos documentos publicados pola Consellería de Educación na plataforma educonvives.gal, que é o empregado no noso centro.

6.- ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

6.1 NORMAS DE CONVIVENCIA.

As normas de convivencia axudan a regular comportamentos e describen con precisión as accións que deben poñerse en práctica así como as correccións polo seu incumprimento.

Deben conducir sempre a unha mellora educativa, tendo presente que os dereitos dos membros da comunidade educativa deben estar salvagardados. Polo tanto, a súa redacción deberá realizarse con espírito positivo e favorecedor da convivencia, e sempre en coherencia e respectando as normas nas que se ampara.

A concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa recóllense nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF). Son un documento que establece a forma democrática de organización que adopta o centro tomando como base os dereitos e obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa. Este documento das NOF, atópase incluído no anexo I deste plan.

6.2 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN.

A determinación das condutas contrarias á convivencia escolar, tanto de carácter leve e grave, así coma as medidas correctoras, veñen determinadas no decreto 8/2015 de 8 de xaneiro que desenvolve a lei de convivencia educativa e reflectidas no NOF. Os dereitos e deberes da comunidade educativa (familias, mestres/as, alumnado e PAS) veñen determinadas na lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, que tamén se atopa nas NOF para a súa consulta. Dentro destas condutas contrarias á convivencia escolar atopamos coma unha das que se tipifica como falta grave o acoso escolar (tal e coma se inclúe na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015). Para a aparición do acoso escolar, inclúese anexado a este plan o Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, elaborado pola consellería de educación.

No caso de incumprimento, omisión de normas ou realización dunha falta leve por parte do alumno, o mestre que corresponda cubrirá un modelo de parte de amoestación que figura na axenda escolar.

Cando se produza un incidente que, a xuízo dun profesor, deba dar lugar a algún tipo de actuación externa, procederáse gradualmente da forma seguinte:

a) Envío á familia do alumno dunha notificación escrita do feito que preocupa, da que o profesor gardará copia conformada. (Na axenda escolar figuran tres copias deste parte de incidencias).

b) Unha vez reunidos tres comunicados, entregalos ao Xefe de Estudos cun informe do profesor-titor correspondente.

c) O Xefe de Estudos, coa intervención do Director se procede, entrevistarse coa familia do alumno na que, se é conveniente, estará tamén o profesor.

Observacións:

- Se o acto de indisciplina fora moi grave, non sería necesaria a acumulación das tres notificacións sinaladas. Procederáse de inmediato da mellor forma que proceda, que podería ser cubrir un parte de incidencias .

- Se quen decide enviar o escrito á familia non é o profesor-titor, dito profesor será o responsable de enviar o referido escrito e de recibilo co enterado da familia. Unha vez no seu poder entregáralo ao profesor-titor correspondente.

- Durante as horas lectivas non se poden enviar alumnos aos corredores do centro, vestíbulo do colexio ou oficinas do mesmo.

- Se un alumno comete unha falta de disciplina moi grave que imposibilite o funcionamento da clase e que, polas posibles repercusións negativas para os demais alumnos, aconselle sacalo fóra da aula, o profesor afectado enviará ao alumno (cun traballo programado) ao Xefe de Estudos e, de non estar dispoñible, a calqueira outro membro do equipo directivo. É evidente que este tipo de acción require ineludiblemente comunicación escrita á familia do alumno.

- Cando sexa necesario imponer un parte de incidencias procederáse a informar á familia de tal circunstancia.

Todos estes aspectos seguindo sempre as directrices das NOF do centro.

6.3 INTERVENCIÓN A TRAVÉS DE PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS.

Os protocolos de actuación que figuran na plataforma educonvives.gal publicados pola Consellería de Educación sirven de guía para a nosa actuación ante determinadas situacións que afectan á convivencia no centro. Estes protocolos actívanse cando xurde a necesidade e procédese á súa execución adaptando os modelos estandarizados á realidade do noso centro.

6.3.1. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

As medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar así como as propostas de actuacións de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este figuran no Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, que se atopa anexado ó Plan e na páxina web da Consellería de Educación.

6.3.2. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.

Como complemento aos protocolos e para mellorar a convivencia do centro elaborouse un programa de habilidades sociais de uso xeral nas titorías e particular cando un alumno presente reiteradas dificultades neste ámbito e, especialmente, como medio alternativo para mellorar a convivencia do alumnado con conduta inadecuada.

Foi elaborado por un grupo de traballo de mestres/as do colexio desenvolvido neste centro.

Figura como anexo deste plan.

6.3.3. ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O centro planificará as actuacións que hai que desenvolver en materia de convivencia a través dunha concreción anual que formará parte da PXA, tales como:

De todos xeitos existen unha serie de actuacións que son estables ao longo dos cursos:

- Conmemoracións varias (Día da Paz, dos dereitos da infancia...)
- Planificación de diferentes actividades que traballen a convivencia entre persoas de diferentes culturas, obradoiros interculturais, obradoiros coeducativos...
- Durante o mes de setembro adicar un tempo nas aulas de todos os niveis ao traballo sobre as normas.

- Facilitar a integración do alumnado novo cando se incorpore a a boa convivencia entre o alumnado do grupo, prestando especial atención aos novos agrupamentos en 1º, 3º e 5º de EP.
- Establecer reunións periódicas entre etapas e por niveis para deseñar acción conxuntas de mellora da convivencia no centro.
- Promover encontros, conferencias ou programas orientados á construción dunha convivencia positiva e a prevención do acoso tales como: participación no Plan Director, actividades de formación do profesorado...
- Incluir nas programacións dos diferentes equipos a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.
- Potenciar un estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas.
- Proposta para os patios:

Distribución de actividades e xogos por zonas e días nos periodos de lecer. Zonas acotadas para xogos populares con distribución de material, zonas de fútbol, día sen fútbol (venres), distribución de espazos por idades para evitar riscos, biblioteca, planificación anual das vixanzas durante os periodos de lecer, entradas e saídas...

6.4 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

As actuacións recollidas no presente Plan deberán levarse a cabo baixo os principios de colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co establecido no presente Plan. Os órganos de coordinación docente incluírán as medidas e os acordos relacionados coa convivencia nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co Proxecto Educativo do centro e a Programación Xeral Anual.

O centro establecerá a coordinación cos servizos sociais locais en todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos. A información que se intercambia e as intervencións máis comúns están relacionadas coa atención e o seguimento das minorías desfavorecidas, alumnado inmigrante, determinación de axudas de diversa índole, situacións de familias con dificultades, etc.

A través do departamento de Orientación coordinaranse as actuacións de acollida do alumnado que se vaia incorporar ao IES de adscrición do centro.

7.- SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.

A comisión de convivencia terá a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático deste e, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato.

Estes procesos levaranse a cabo por parte dos seguintes equipos:

- Comisión de Convivencia.

Esta comisión constituirase dentro do seno do Consello Escolar.

Funcións:

- Dinamización e avaliación deste plan de Convivencia.
- Elaboración dun informe anual sobre a convivencia na escola, cos ámbitos máis representativos.
- Coordinacións de accións conxuntas no ámbito da convivencia coa convivencia educativa.
- Seleccionar a adecuación no PAT das determinadas actividades que inflúen na convivencia.
- Colaborar xunto co departamento de orientación na realización de programas que preveñan e detecten os posibles e/ou existentes problemas de convivencia na escola.
- Realizar unha análise e avaliación trimestral da convivencia da escola.
- Valorar a colaboración de institucións e asociacións que colaboren neste ámbito e sexan mellorables para o centro.

- Consello escolar

Composto segundo establece a lexislación vixente e a constitución de cada consello a principios de curso.

Funcións:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á lexislación vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- Claustro de mestres e mestras

Composto por todas as mestras e mestres con destino no centro.

Funcións:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

- Equipo directivo

Composto polos membros do equipo directivo.

Funcións:

Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución de conflitos e impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos, en cumprimento da normativa vixente.

8.- DIFUSIÓN DO PLAN.

Ademais das actuacións recollidas nos distintos apartados, o Plan de Convivencia estará disposición da Comunidade Educativa na páxina web do centro.